



## Concello de Guitiriz

---

### CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

#### MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE RESIDUOS

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para modificación da ordenanza municipal de residuos para o cumprimento do plan normativo aprobado por acordo plenario de data 30/12/2016 e a adaptación normativa prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O borrador da modificación que se adxunta como ANEXO supón unicamente unha adaptación normativa trala recente entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de regulamento inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, os usuarios do servizo ou calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa  
Regina Polín Rodríguez

---

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



## Concello de Guitiriz

---

### ANEXO

#### Modificación da ordenanza municipal de residuos.

#### PREÁMBULO.

Recentemente acaba de entrar en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA, en diante) que na súa Disposición Final Quinta establece que “*En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley.*” En cumprimento desta Disposición, así como dos artigos 130 e 132 do mesma Lei, o Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o día 30/12/2016 aprobou o “*Plan normativo municipal para o ano 2017*” que recolle a Ordenanza municipal de residuos como unha das normas regulamatorias municipais a actualizar para o ano 2017.

Considérase que na modificación proposta se dá cumprimento aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da LPA.

A modificación proposta respecta os principios de proporcionalidade dado que unicamente se dá 1 tipo de modificación, dado, por outra banda, a súa recente aprobación e publicación no BOP de 10 de abril de 2015:

- Eliminación das referencias á normativa derogada (a Ley 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas).

Neste sentido a modificación atinxe a un único artigo, e para dar cumprimento ao principio de transparencia, esta modificación será obxecto de consulta pública nos termos do artigo 7 das “*Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de Elaboración das Ordenanzas e Regulamentos*”, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o 26/01/2017.

#### **Artigo único: Modificación do artigo 52. Competencia e procedemento sancionador, cuxo teor literal será o seguinte:**

1. Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
2. A imposición de sancións e a esixencia **de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaranse a cabo de conformidade ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,** e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Guitiriz, na data que figura ao marxe

A Alcaldesa

Regina Polín Rodríguez

---

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178